


APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

ISABEL BARRETO

(Pontevedra 1567 - ? 1612)

Foi unha navegante galega,
ademáis de gobernadora e adiantada.
A primeira muller na historia da
navegación en obter o cargo de
almirante.

Isabel descendía dunha familia
portuguesa cunha importante tradición na expedición marítima,
e xa dende moi cativa trasladáronse a vivir ao vicerreinado do Perú.
O 9 de abril de 1595 partiu de El Callao, nunha expedición dirixida
polo seu marido cara ás illas Salomón en busca do ouro que se cría
estaba agochado polo rei Salomón naquelas remotas terras.
Ao ano de travesía, Isabel tivo que tomar o mando da expedición
ao enfermar o seu marido e o seu irmán, e acabou completando a
expedición ata o porto de Manila, na viaxe máis longa realizada por
navíos españois no século XVI. Así, cruzou o océano Pacífico,
sendo a primeira en facelo polo hemisferio sur, e tamén
descubriu as illas Marquesas, un arquipélago da Polinesia.

Sabías que...?

Ser adelantada era un alto cargo que designaban as raíñas e os reis para levar a cabo unha empresa pública. O seu rango equivalía ao de almiranta antiga e só estaba por riba do seu mandato a vicerraíña ou a raíña.

MULLERES GALEGAS

redacta

Isabel ostentou este cargo por mor dunhas circunstancias forzosas (unha epidemia de malaria enfermou aos mandatarios da expedición, entre eles o seu home e o seu irmán), e resultou unha situación nunca antes vista, xa que naquela época as mulleres non tiñan acceso a posicións de mando deste tipo e víase con prexuízo que unha muller tivese eses poderes. De feito, as crónicas da época inciden no seu "carácter varonil" para xustificalo e tachábana tamén de persoa malvada e cruel para desprestixiala.

REFLEXIONA e redacta sobre estas cuestións:

Sería o mesmo se as crónicas dixesen que tiña un "carácter feminino"? Por que? Podería empregarse esa mesma expresión hoxe?

Busca expresións que sexan inxustas co xénero feminino.

Estes prexuízos tan antigos sobre as mulleres que mandan seguen vixentes hoxe en día? Procura na rede e fai unha listaxe de mulleres con postos de mando na actualidade:

Unha alcaldesa dun concello
Unha almiranta da Mariña
Unha directora dunha empresa multinacional
Unha xefa do Corpo de Bombeiros
Unha presidenta dunha República
Unha xefa do Servizo de Cirurxía

Colorea esta
nena disfrazada
de pirata e debuxa
o seu escenario.
Fáltalle un tesouro!

MULLERES GALEGAS

colorea






MULLERES GALEGAS

labirinto

Só unha nave das que partiu da expedición Salomón conseguiu chegar ao porto de Manila. Síguea polo labirinto do océano Pacífico e saberás cal foi...




Fai a ruta da expedición
que levou adiante
Isabel Barreto.

Une os puntos onde se detiveron
e enche os ocros cos seus nomes.

MULLERES GALEGAS

explora




- 1- **Paita** (Perú), 9 de abril de 1595. 5- **A Solitaria** (Niulakita, Tuvalu), 29 de agosto.
 2- **Callao** (Perú), 16 de xuño. 6- **Illas Salomón**, do 7 de setembro ao 18 de outubro.
 3- **Illas Marquesas de Mendoza**, do 21 de xullo ao 5 de agosto. 7- **Guam**, 1 de xaneiro de 1596.
 4- **San Bernardo** (Puka Puka, Illas Cook), 20 de agosto. 8- **Manila** (Filipinas), 11 de febreiro.

Un caderno de bitácora é un libro onde as navegantes van anotando o que lles acontece a diario na súa travesía.

MULLERES GALEGAS

escribe



Engade debuxos que ilustren o teu relato.

Escribe o teu propio caderno de bitácora, anotando o que acontece cada día na travesía da túa vida. Ou redacta un dunha expedición imaxinaria no que de socato atopas unha illa ata o de agora descoñecida.

